



Boiro acolle a cúpula inchable de R para promover as novas tecnoloxías

- O operador galego instala na Praza de Galicia, en Boiro, a súa cúpula xigante que alberga xogos e actividades lúdicas para promover a Sociedade da Información
- O alcalde de Boiro, Xosé Deira, presidirá mañá a inauguración da cúpula de R

Mércores, 25 de xuño de 2008.- R, o operador galego de comunicacións por fibra óptica, escolleu ao municipio de Boiro para continuar coa súa acción da cúpula inchable que alberga actividades didácticas, xogos e entretemento co obxectivo de lle achegar a Sociedade da Información a persoas de todas as idades.

A instalación permanecerá aberta ao público na Praza de Galicia dende mañá xoves, 26 de xuño ata o domingo 29, de 11,00 a 14,00 h e de 17,00 h a 21,00 h. O alcalde de Boiro, Xosé Deira presidirá mañá xoves a inauguración da cúpula de R ás 11,00 h.

Quebracabezas, zona infantil, fórmula 1 e interactividade

No interior da cúpula o visitante pode percorrer varios módulos e descubrir, divertíndose, novas dimensións das tecnoloxías da información e a comunicación. Os máis pequenos teñen a súa propia zona, onde poderán, por exemplo, montar un quebracabezas xigante de Disney Channel, debuxar ás súas anchas, xogar con monicreques ou facer globoflexia.

Ademais, desta volta, entre as actividades da cúpula inclúense os xogos **Mario Kart, Need for Speed, ProStreet e Speed Racer** : a través dunha consola os pilotos compiten nunha carreira que se

proxecta nunha pantalla lateral da cúpula, co que o público tamén pode gozar do espectáculo.

Do mesmo xeito, dous participantes poden entreterse cunha **nova consola virtual** xogando tamén de maneira interactiva ao tenis, aos bólos, pilotando ou vivindo as aventuras máis diversas. Trátase, coma no caso das carreiras de coches, do último que saiu ao mercado no eido dos chamados xogos “eye – toy”, onde o participante é o protagonista do seu propio xogo virtual.

Ademais, as cúpulas albergan un “videomatón” para que o visitante sexa o actor principal da súa propia minipelícula durante 30 segundos, un panel que acopla o noso rostro a corpos fotografados ou unha zona de ordenadores con aplicacións interactivas que nos ensinan como funcionan e como se identifican os distintos compoñentes dun equipo informático, entre outras cousas.

Deseño exclusivo e monitores

Dende 2005 e ata a data a cúpula visitou máis de vinte localidades galegas, e outros municipios, escollidos en función das súas características e dispoñibilidade, van a recibila tamén en 2008. Unhas 105.524 persoas de todas as idades xa gozaron -en Ames, Narón, Vilagarcía, Culleredo, Lugo, Marín, Santiago de Compostela, Ourense, Betanzos, Arteixo, Oroso, Sada, Fene, Carballo, Monforte de Lemos, A Rúa, Sarria, Ordes, Moaña, Pontearreas, Sanxenxo, Lalín, Allariz e As Pontes- dos atractivos e xogos da cúpula, que continúa agora o seu camiño en Boiro.

Catro monitores encargáranse de coordinar a entrada do público e de orientar aos visitantes para que participen en calquera das actividades lúdicas da cúpula e que poidan aproveitar con comodidade as posibilidades que estes recintos ofrecen.

Pese á súa espectacularidade, esta instalación móntase en só 20 minutos. Trátase dunha grande estrutura inchable -de 175 metros cadrados de superficie, 15 metros de diámetro e 9 de altura-, deseñada en exclusiva para **R** por Quim Guixá, enxeñeiro recoñecido mundialmente polo seu traballo en eventos do nivel dos Xogos Olímpicos do 92, a Expo de Sevilla ou a Exposición Universal de Xapón, entre outros moitos escenarios.